

	IES MARÍA CASARES. Departamento de Xeografía e Historia			2024-2025
	MATERIA	XEOGRAFÍA		
	CURSO	2º BACH	HORAS SEMANAIS	4

### BREVE DESCRIPCIÓN DA MATERIA

O estudo e descrición da superficie terrestre (en concreto de España) tanto nos seus aspectos físicos ou naturais como nos humanos, permite obter unha visión de conxunto de como se interrelacionan ambos aspectos, tendo en conta que feitos como a distribución da poboación ou as actividades económicas están condicionadas polo medio natural o cal, á súa vez, é alterado pola actividade humana.

### CONTIDOS

#### Iª Avaliación

Bloque 1: A xeografía e o espazo xeográfico (ao longo do curso) Bloque 2: O relevo español  
Bloque 3: A diversidade climática e a vexetación Bloque 4: A hidrografía e as paisaxes naturais.

#### 2ª Avaliación

Bloque 5: A poboación española.  
Bloque 6: O espazo urbano.  
Bloque 7: O espazo rural e o sector primario.  
Bloque 8: As fontes de enerxía e o espazo industrial.

#### 3ª Avaliación

Bloque 9: O sector servizos.  
Bloque 10: Formas de organización territorial.  
Bloque 11: España e Galicia: estrutura territorial.  
Bloque 12: España e Galicia en Europa e no mundo.

### METODOLOXÍA

A materia combina traballo de clase como probas escritas. Desenvolver a capacidade de observación, análise e relación son cualidades traballadas por medio da práctica de técnicas de análise xeográfica (emprego de ferramentas cartográficas como SIXPAC), de análise de mapas temáticos, gráficos (climogramas, hidrogramas, pirámides de poboación), análise de táboas, fotografías e imaxes, paisaxes ou a observación.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXES
Probas escritas e/ou orais (polo menos, unha por avaliación)	80 %
Lecturas, participación en clase, traballos voluntarios	20%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	<b>100%</b>
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA MAIO</b>	
Media aritmética: $0'4(NOTA\ 1ª\ AV) + 0'3(NOTA\ 2ª\ AV) + 0'3(NOTA\ 3ª\ AV) = NOTA\ MEDIA\ MAIO$	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (BACHARELATO)</b>	
100% a nota do exame da convocatoria extraordinaria	

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

A materia de Xeografía vincúlase directamente co grao de Xeografía e Ordenación do Territorio, así como cos graos de Humanidades, nalgúns títulos técnicos (Paisaxe, Arquitectura), nos da área de Ciencias Sociais e Xurídicas, xunto con outros dobre graos, onde é ponderada como materia optativa.